DECRETO NÚM 16006566 DO 05/09/2016

ILMA. SRA. DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Benestar Social, Igualdade e Inclusión do Excmo. Concello de Lugo.

ANTECEDEDENTES
Decreto número 12004176 ditado pola Tenenta de Alcalde delegada da Área de Benestar Social, Igualdade e Xuventude, de data 21 de maio de 2012, no que se recolle e aproba o programa de emerxencia social municipal.

CONSIDERACIÓNS
Necesidade de ampliar os colectivos recollidos en dito decreto e poder atender situacións de grave emerxencia de persoas e/ou familias vulnerables que poidan desencadear un proceso de exclusión social, procede por tanto levar a cabo unha modificación parcial do protocolo de actuación no programa de emerxencia social municipal .

Con base no exposto e no uso das atribucións conferidas ao Alcalde no artigo 124.4 ñ) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e en virtude de delegación da Alcaldía segundo o Decreto núm. 16005312 do 5 de xullo de 2016,RESOLVO:

PRIMEIRO.- Proceder a modificar parcialmente o protocolo de emerxencia social aprobado a través do Decreto número 12004176, ditado pola Tenenta de Alcalde delegada da Área de Benestar Social, Igualdade e Xuventude, do 21 de maio de 2012, no referente aos seguintes puntos:

a) Punto 5 TIPOLOXÍA DAS AXUDAS: ampliar os gastos escolares a financiar, incluíndose como axudas de emerxencia social o pagamento de comedor escolar.

b) Punto 6 PERSOAS BENEFICIARIAS, que queda redactado do seguinte modo:

Poderán beneficiarse destas axudas as persoas e/ou familias con residencia habitual no Concello de Lugo e que se atopan nalgunha das situacións definidas como “emerxencia social”, que reúnan as condicións e requisitos necesarios. Non obstante, tamén poderán ser persoas beneficiarias as e os transeúntes que acrediten debidamente o estado de necesidade e a súa identidade. Garántese, así mesmo, a atención ás mulleres en situación de vulnerabilidade: vítimas de violencia de xénero e/ou violencia doméstica e as vítimas de explotación sexual-laboral en redes de prostitución ou de trata de persoas.

Nunha unidade familiar, só un dos seus membros poderá ter a condición de beneficiario/a aínda que se outorguen a favor da unidade familiar.

c) punto 10 CONTÍA MÁXIMA DAS AXUDAS E PRAZO DE DURACIÓN DA PERCEPCIÓN
Manter a redacción actual e incluír en relación co comedor escolar unha contía máxima de 110 € por neno/a e mes (Máximo 1.100 € por neno/a e curso escolar).

SEGUNDO.- O resto de puntos do antedito decreto manteñen a súa redacción.

Esta resolución pon fin á vía administrativa, e contra ela poden interpoñer os seguintes recursos:

O recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Concencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998 do 13 de xullo) nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ao da notificación deste acto, o cal pon fin á vía administrativa (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo).

Non obstante o anterior, e con carácter previo a presente resolución poderá interpoñer:

O recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 4/1999 de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ante a Alcaldía e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ao da notificación deste acto.

Sen prexuízo de que poida vostede interpoñer calquera outro recurso ou reclamación que estime conveniente ao seu dereito.

Así mesmo, déaselles traslado ás dependencias e ós servicios municipais afectados.

Cúmprase.

Código Seguro de Verificación: rxF02ll7D7Vckn31YAibCg==